

1. Pareceume un bo libro. Ningunha historia me gustou máis porque me gustaron todas. Con este libro leveime unha sorpresa porque pensaba que non me ía gustar. A primeira historia foi a que máis me intrigou; a segunda, a que máis me aterrorizou e a última, a que máis me estrañou. Deste libro si que podo dicir que me gustou (desde o meu punto de vista). Por último e para rematar recomendo este libro. **(David)**

2. O libro conta varias historias de medo, que non teñen que ver unhas coas outras. É moi intrigante e non sabes en ningún momento, o que vai suceder ó final de cada historia. De todas elas, a que me pareceu de máis medo e intriga foi: "O Fornadas", que trataba dunha vella que se portaba moi mal con toda a xente, ata que un día... A vella desde o inferno, ... Tamén, daban intriga as historias do ferreiro e "O cumpremortes". Este libro gustoume, é un bo libro para ler, especialmente se che gustan os contos de medo. **(José Manuel)**

3. Este libro non me gustou nada. O libro narra catro historias de medo, que malia seren boas ideas, o autor, na miña opinión, non sabe narralas e, por iso me parecen desastrosas. Aos meus compañeiros non lles recomendo que o lean porque, na miña opinión, é aburrido. **(Andrea)**

4. Este libro pareceume moi divertido aínda que a maioría dos capítulos ou historias deste conto están relacionadas coa morte ou cousas de medo. Este libro está dividido en varias historias, exactamente en 4 historias e unha aparte chamada epílogo. A historia que máis me gustou foi "O fornadas" que trata dunha vella que se dedica a facer mal aos seus veciños. Un día, uns rapaces quixéronlle facer mal a ela e, ... Os outros capítulos non me gustaron moito xa que me pareceron un pouco aburridos e "pesados". Aínda así o recomendaría para ler. O capítulo que menos me gustou foi o último, chamado "Cumpremortes" xa que era moi longo e aburrido. **(Alejandro)**

5. Este libro intrigoume bastante e pareceume moi entretido. A parte que máis me gustou foi a do Fornadas. Nela nárrese a historia duns homes que lle pegan a unha vella, por ser mala coa xente ,e por erro ... Logo están as outras partes do conto, que están bastante ben, son: "O Cumpremortes", "A Loba" e a do "Espello do Viaxeiro". Este libro recoméndollo ler a todos os que lles gusten as historias de medo e terror. **(Eligio)**

6. A min gustoume moito por que é de medo e conta varias historias de terror. O capítulo que máis me gustou foi o Cumpremortes, foi unha pena que non o puxeran no exame por que era o que máis me sabia. **(Peke)**

7. Este libro gustoume moito por que era de medo e era entretido, porque te enganchaba e era de curiosidade. Comenteillo a varios amigos e dixéronme despois de lelo que era moi bonito. A historia que máis me gustou foi a primeira historia cando se deformou o ollo pola culpa do outro home e os seu familiares non **(Alejandro)**

8. O libro non está mal aínda que é un pouco "chorrada". A historia que máis me gustou foi a dos Fornadas porque penso que lle estivo ben a bruxa. Este libro recomendaríallo á xente que lle gusta a fantasía. **(Jorge)**

9. O libro gustoume moito. Era un pouco sádico pero era entretido e divertido. Este conto mais ben daríallo a persoas un pouco máis maiores porque que lle peguen unha paliza a ... Entón este é o meu comentario: libro divertido pero recomendado para NO N SENTIMENTAIS **(Pablo)**

10. Este libro está composto duns relatos de medo. O vocabulario que se usa é un pouco complicado. As historias que se contan son historias transmitidas oralmente. O libro gustoume, non sabería dicir cal é a historia que máis me gustou. Saudos! **(Irene)**

11. A min pareceume un libro máis ou menos interesante e ten catro hitorietas, a segunda historieta gustoume bastante porque era intrigante.A primeira pode pasar pero non me gustou moito. A mni gustoume bastante, así que recoméndolla a todos os lectores. **(José)**

12. É un libro moi pequeniño e fácil de ler, este conto contén varias historias que me parecen moi interesantes. Sen dúbida é un libro un pouco sanguineiro pero moi intrigante. Gustáronme todas as historias aínda que a última estrañoume que rematara así por iso é a que menos me gustou. Gustaríame que rematara explicando outra cousa porque o que aconteceu parece moi sinxelo e aburrido. Gustoume a do Fornadas aínda que é un pouco forte no momento da ..., nos detalles, pero foi moi interesante, e ten un final que non mo esperaba. Pero se che gustan os relatos de medo e intriga recoméndocho. Un saúdo! **(Silvia)**

13. É un libro entretido no que conta catro historias, a que máis me gustoume foi o do Fornadas, que conta unha historia duns rapaces que ... Creo que é un bo libro cunhas historias máis divertidas que outras, pero en xeral está bastante ben. **(Benjamín)**

14. Neste libro nárranse 4 historias de medo que non están relacionadas entre si, o único en común é que son historias para non durmir. Son interesantes e recomendables para pasar un bo anaco de tempo entretido; a min gustáronme e a que máis me entretivo e polo tanto a que considero mellor e a historia chamada: "O Fornadas", que é unha narración sádica, na que uns rapaces ... Este libro, que xa dixen que me gustou e me entretivo, tamén me intrigou xa que non podes prever como van acabar as diversas historias. Recomendoo sobre todo para antes de durmir. Felices Soños ... **(Antonio)**

15. Este libro non me gustou moito porque se supón que é un libro de medo e a min non me asustou nin un chisco. O único que me gustou foi o primeiro e o último capítulo porque as historias teñen un chisco de terror psicolóxico intrigante. O primeiro capítulo "O espello do viaxeiro" conta a historia dun viaxeiro que estaba perdido nunha noite ... Aínda que nin non me gustase moito este libro recoméndollo a outras persoas que ó mellor lles pode gustar. **(Sergio)**

16. Ten catro historias de contido, un pouco raras, e ó mesmo tempo de canguelo. A historia que máis me gustou foi a do viaxeiro, aínda que é un pouco bruta. É un libro bo, moi interesante e entretido, recoméndollo a todos. **(Alberto)**

17. O libro é o que mais me gustou de todos os que lin ata agora. A máis macabra é a do Fornadas e a que mais me gustou é a dun lobo. **(Adrián)**